



NARÓN

Datos Do Expediente:

AYT/PLE/8/2017	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central - MCCM	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/8/2017	GOB11I0CE
5A0X0A4X1H6T623A06JZ	

DON ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE NARON

CERTIFICA: *Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vintenove de xuño de dous mil dezasete, adoptou entroutros, o acordo seguinte:*

2 º.- PROPOSTA SOBRE A PRÓRROGA DO SEGUNDO PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Antecedentes:

En data 31.1.2013 aprobouse en sesión plenaria o II Plan de Igualdade Municipal por unha vixencia de catro anos.

No Capítulo VI do Plan de Igualdade, se establece o procedemento de avaliación, que recolle unha avaliación final dando conta dos resultados obtidos, e indique as propostas e liñas de traballo para o seguinte Plan, ou as modificacións correspondentes no caso da prórroga do vixente. Así mesmo, se recolle que ao finalizar a vixencia do Plan deberá ser debatida en Pleno a súa potencial prórroga, que poderá ter unha duración de ata catro anos máis.

A xefa do Servizo Sociocomunitario emite informe de data 15 de xuño de 2017, no que, á vista da avaliación levada a cabo pola empresa adjudicataria, recomenda a prórroga do Plan de Igualdade, por catro anos máis, a fin de que, durante este período se reforcen as áreas que foron desenvoltas en menor medida e abundando nas actuacións que foron máis exitosas, sen necesidade de introducir modificacións, nin novas liñas de traballo.

Polo exposto, e visto o ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Informativa de Actividade Social e Igualdade de data 20-06-2017, o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación dos acordos seguintes:

1º.- Prorrogar por catro anos o vixente Plan de igualdade aprobado en data 31 de xaneiro de 2013 polo Concello Pleno, unha vez procedido á avaliación final dos resultados obtidos que se achegan á proposta como Anexo I.

2º.- Ordenar a publicación na páxina web do Concello e na páxina de transparencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, Narón, 30 de xuño de 2017

V.e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI